

NORMAS PARA O DESENROLO DO TORNEO DEPORTIVO

150 Aniversario da Facultade de Farmacia

O Comité Organizador dos Actos conmemorativos do 150 Aniversario da creación da Facultade de Farmacia da USC, establece para o desenvolvemento das competicións, ademais das Bases Xerais e Regulamentos das respectivas Federacións deportivas, as seguintes Bases específicas:

1. O torneo está aberto aos equipos integrados indistintamente por alumnos, profesores e PAS da USC, nas modalidades de baloncesto, fútbol-7 e fútbol sala, en ámbalas dúas categorías: feminina y masculina.
2. Establecese un prazo dende o 15 de outubro ata o 16 de novembro para formalizar a inscrición de equipos, o que se fará no decanato da Facultade de Farmacia en horario laboral, de acordo cos impresos que a tal fin se subministrarán. Unha vez que unha equipa haxa iniciado a competición, non poderá incluír máis xogadores na súa plantilla.
3. Finalizado o período de inscricións, si estas rebordasen o número previsto, as equipos serán seleccionadas pola Organización e serán emparelladas mediante sorteo público.
4. Aquelas persoas que teñan licencia como árbitros ou cronometradores das respectivas Federacións ou que actúen como árbitros sen pertencer ao Comité e se haxan inscrito como xogadores nesta modalidade deportiva non poderán compatibilizar ambas funcións no Torneo e seu incumprimento suporá aliñación indebida.
5. As competicións desenrolaranse mediante un sistema de eliminatorias (sistema de copa) nas instalacións deportivas apropiadas da USC. No caso de que un encontro remate con empate procederase ao lanzamento de penaltis.
6. Tódalas equipos deberán presentar aos árbitros, con ao menos quince minutos de antelación a hora fixada para o inicio do partido, unha copia da folla de inscrición, ademais do DNI a efectos de comprobación polo árbitro.
7. Los equipos, correcta e uniformemente equipados, deberán estar na instalación onde se vaia a disputar o encontro coa suficiente antelación para que se púa cumprir o horario. A demora máxima poderá ser de 15 minutos no comezo do partido. Unha vez transcorrido dito tempo de cortesía, a equipa que no se encontre en disposición de comezar o encontro, considerarase como non presentado.

8. No caso de igualdade no color da camiseta de ambas equipas, corresponde cambiar a indumentaria ao situado en segundo lugar no calendario.
9. A equipa que figura en primeiro lugar no calendario, está obrigado a poñer o balón de xogo e seu delegado será delegado de campo, e como tal desempeñará súas funcións.
10. Os árbitros ou persoas encargados de dirixir os partidos serán preferentemente membros dos Comités de Árbitros das Federacións respectivas, podendo asemade non pertencer a dito Comité.
11. As sancións a que houbera lugar por infraccións individuais ou das equipas decidíranse por un Comité de Competición de acordo coa aplicación das presentes Bases e no que non este recollido nas mesmas, por aplicación dos Regulamentos de competición e disciplina da respectiva Federación Española. A non presentación ou alienación indebida dunha equipa implicará súa exclusión da competición.
12. A agresión a calquera dos membros da equipa de árbitros, dos xuíces ou de xogadores, supondrá a exclusión da competición do xogador/a - agresor/a e súa denuncia diante das autoridades académicas.
13. Ante calquera dubida, existirá na oficina de información e seguimento do Torneo, que atenderá aos participantes en horario laboral **EXCLUSIVAMENTE**, no Decanato da Facultade de Farmacia, ou chamando (nese mesmo horario) aos teléfonos 981592564, 981528070 extensión 14903.
14. A organización non autorizará o aprazamento de partidos.
15. A participación supón a total aceptación destas normas, podendo dictar o correspondente Comité as normas complementarias que favorezan o bo desenvolvemento da actividade, así como interpretar as posibles dubidas que se presenten.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2007.